

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 18/02/2016, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Manuel Traba Fernández

TTES. DE ALCALDE

Santiago Insua Esmorís Recamán
Ramón Redonda González
María Rocio Marcote Canosa

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Licenzas urbanísticas.-
- 3º.- Expediente contratación Servizos de manteneamento alumeado publico.-
- 4º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **19:00** horas do día **18/02/2016** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 4 de Febreiro de 2016 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

2º.- Licenzas urbanísticas.-

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

3º.- Expediente contratación Servicios de mantenimiento alumbeado publico.-

Unha vez examinados, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Prestar aprobación o seguinte :

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

CONTRATO DE SERVICIOS			
PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE			
Contrato Suxeito a Regulación Harmonizada:	SI <input type="checkbox"/>	NON <input checked="" type="checkbox"/>	X
Tramitación Urxente:	SI <input type="checkbox"/>	NON <input checked="" type="checkbox"/>	X

A. - PODER ADXUDICADOR

ADMINISTRACIÓN CONTRATANTE	CONCELLO DE FISTERRA
ÓRGANO DE CONTRATACIÓN	ALCALDÍA
SERVIZO XESTOR	SECRETARÍA MUNICIPAL
Data Resolución inicio do expediente de contratación:	
Dirección do Órgano de contratación: SANTA CATALINA, Nº 1, 15155, FISTERRA, A CORUÑA	

B.- DEFINICIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO

SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN, REPARACIÓN E AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA DAS INSTALACIÓNS DE ALUMBEADO PUBLICO MUNICIPAL, ASÍ COMO DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS MUNICIPAIS

Nomenclatura CPA: 27.40.39

Nomenclatura CPV:31527260-6 "Sistemas de alumbrado"; 34928530-2 "Lámparas de alumbrado público"; 45316000-5 "Trabajos de instalación del sistema de alumbrado y señalización"; 50232000-0" Servicios de mantenimiento de instalaciones de alumbrado público y semáforos".

C.- ORZAMENTO DE LICITACIÓN

Orzamento licitación IVE excluído	IVE	Orzamento licitación IVE incluído
40.000€	Tipo IVE aplicable: 21%	48.400€
	Importe IVE: 8.400€	
Aplicación Orzamentaria:	2016.920.227.06	
POSIBILIDAD DE LICITAR POR LOTES:	NON	
SISTEMA DE DETERMINACION DO PREZO: A TANTO ALZADO		

D.- RÉXIME DE FINANCIACIÓN

CONCELLO DE FISTERRA		
100%	%	%

E.- ANUALIDADES

EXERCICIO	A cargo do Concello de Fisterra			TOTAL
TOTAL				

F.- PRAZO DE EXECUCIÓN

UN ANO

G.- PRÓRROGA: NON

DURACIÓN MÁXIMA DA PRORROGA:

H.- PRAZO DE GARANTÍA

VID PPT

I.- CONDICIÓN ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO (Artigo 118 TRLCSP)SI VID. ANEXO Nº VIII NON **J.- REVISIÓN DE PREZOS**SI NON

Índice ou Fórmula:

Método de Revisión:

K.- GARANTÍA PROVISIONAL NON**L.- GARANTÍA DEFINITIVA (5% do importe de adjudicación excluído IVE)****DEFINITIVA****COMPLEMENTARIA (Art. 95.2 TRLCSP)** Esixida: Non Esixida**M.- CLASIFICACIÓN ESIXIDA AO CONTRATISTA: NON**

GRUPO	SUBGRUPO	TIPO DE SERVIZO	CATEGORÍA
-------	----------	-----------------	-----------

N.- COMPROMISO ADSCRIPCIÓN DE MEDIOS

Art. 64.2 TRLCSP	<input type="checkbox"/>	SI, Vid. Anexo nº III	<input checked="" type="checkbox"/>	NON
------------------	--------------------------	-----------------------	-------------------------------------	-----

Ñ.- SUBROGACIÓN

	<input type="checkbox"/>	SI	<input checked="" type="checkbox"/>	NON
--	--------------------------	----	-------------------------------------	-----

O.- SUBCONTRATACIÓN

Permitida: NON
OBRIGA DE SUBCONTRATACIÓN con empresas especializadas (máximo 50%): NON

P.- POSIBILIDADE DE CURSAR NOTIFICACIONES TELEMÁTICAS

<input type="checkbox"/>	SI, CUMPRIMENTAR ANEXO XI	<input checked="" type="checkbox"/>	NON
--------------------------	---------------------------	-------------------------------------	-----

Q.- MODIFICACIONES CONTRACTUAIS PREVISTAS

Art. 106 TRLCSP	<input type="checkbox"/>	SI, VID. ANEXO XII	<input checked="" type="checkbox"/>	NON
-----------------	--------------------------	--------------------	-------------------------------------	-----

R.- ÍNDICE DE ANEXOS

<input checked="" type="checkbox"/>	ANEXO I.1	DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PREVIOS
<input checked="" type="checkbox"/>	ANEXO I.2	DECLARACION RESPONSABLE DE NON ESTAR A EMPRESA INCURSA EN PROHIBICIONES PARA CONTRATAR
<input checked="" type="checkbox"/>	ANEXO I.3	DECLARACIÓN SOBRE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGAIS EN MATERIA LABORAL E MEDIOAMBIENTAIS
<input checked="" type="checkbox"/>	ANEXO II	SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIERA E TÉCNICA
<input type="checkbox"/>	ANEXO III	COMPROMISO DE ADSCRIPCIÓN DE MEDIOS
<input type="checkbox"/>	ANEXO IV	SUBCONTRATACIÓN OBRIGATORIA

<input checked="" type="checkbox"/>	ANEXO V	DATOS DO LICITADOR A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS
<input checked="" type="checkbox"/>	ANEXO VI	MODELO OFERTA ECONÓMICA
<input checked="" type="checkbox"/>	ANEXO VII	ASPECTOS ECONÓMICOS E TÉCNICOS OBXECTO DE NEGOCIACIÓN E ADXUDICACIÓN
<input type="checkbox"/>	ANEXO VIII	CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN
<input checked="" type="checkbox"/>	ANEXO IX	PENALIDADES
<input type="checkbox"/>	ANEXO X	OBRIGAS ESENCIAIS DO CONTRATO
<input type="checkbox"/>	ANEXO XI	NOTIFICACIÓNS TELEMÁTICAS
<input type="checkbox"/>	ANEXO XII	MODIFICACIÓNS CONTRACTUAIS PREVISTAS
<input type="checkbox"/>	ANEXO XIII	CAUSAS ESPECÍFICAS DE RESOLUCIÓN CONTRACTUAL
<input type="checkbox"/>	ANEXO XIV	DECLARACIÓN DOS LOTES AOS QUE SE PRESENTA O LICITADOR
<input checked="" type="checkbox"/>	ANEXO XV	DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES

1. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

1.1. **Procedemento negociado sen publicidade**, a tenor do previsto nos artigos 169 e seguintes do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro (BOE núm. 276, de 16 de novembro), en adiante TRLCSP.

1.2. A tramitación urxente do contrato implicará a redución dos prazos establecidos para a súa licitación e adxudicación, conforme ás regras establecidas no artigo 112 e concordantes do TRLCSP.

2. CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS

2.1. Disposicións Xerais

2.1.1. Obxecto do Contrato

O obxecto do contrato ao que se refire o presente prego é o sinalado no **apartado B** do Cadro - Resumo, de acordo coas condicións establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas, Prescricións Técnicas e se é o caso, os modificados que poidan tramitarse nos supostos previstos no Título V do Libro I e nos artigos 219 e 305 TRLCSP.

Cando así se estableza no devandito apartado existirá a posibilidade de licitar por lotes.

O contrato executarase de acordo con este Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que ten carácter contractual.

2.1.2. Necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato

As necesidades a satisfacer mediante o contrato son as contidas na resolución administrativa de iniciación do expediente cuxa data de aprobación consta **no apartado A** do Cadro - Resumo.

2.1.3. Valor estimado do contrato

O valor estimado do contrato, calculado conforme ao artigo 88 TRLCSP e recollido na resolución de inicio que se cita no **apartado A** do Cadro - Resumo, foi tido en conta para elixir o procedemento de

adxudicación aplicable a este contrato. O devandito valor estimado incluirá, no suposto de que se prevexan, as posibles prórrogas e modificacións contractuais, sinaladas no **apartado G** do cadro resumo e no **Anexo XII** respectivamente.

2.1.4. Orzamento de licitación

O importe do Orzamento de licitación do contrato é o sinalado como máximo no **apartado C** do Cadro - Resumo.

2.1.5. Prezo do contrato

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo e deberá indicar como partida independente o IVE. No prezo do contrato consideraranse incluídos os tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigas consideradas no prego.

2.1.6. Existencia de crédito

Existe crédito suficiente ata o importe do orzamento máximo fixado pola Administración.

Nos expedientes que se tramiten anticipadamente a adxudicación queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para garantir as obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.

2.1.7. Prazo de execución do contrato

O prazo de execución será o que figure no **apartado F** do Cadro - Resumo.

Este prazo comezará a contar a partir da formalización do contrato ou desde a data fixada no documento contractual.

De acordo co disposto nos artigos 23 e 303 TRLCSP, o contrato poderá ser prorrogado por mutuo acordo das partes si así se prevé no apartado G do Cadro - Resumo.

2.1.8. Perfil do contratante

A información relativa ao presente contrato que, de acordo co disposto neste Prego, vaia a ser publicada a través do “perfil do contratante” (artigo 53 TRLCSP), poderá ser consultada na seguinte dirección electrónica: **www.concellofisterra.com**

2.2. Cláusulas especiais de licitación

2.2.1.-Capacidade para contratar

Poderán contratar co Concello de Fisterra as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, a título individual ou en agrupación ou unión temporal, que teñan plena capacidade de obrar, que desenvolvan unha actividade que teñan relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato; acrediten a solvencia económica financeira e técnica ou profesional, e non se atopen incursas en ningunha das prohibicións de contratar establecidas no artigo 60 do TRLCSP.

Será requisito indispensable que o empresario se encontre debidamente clasificado, cando sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constituía o obxecto do contrato, de acordo co establecido no artigo 65 do TRLCSP e segundo o sinalado no apartado M do Cadro-Resumo.

En ningún caso poderán contratar co Concello de Fisterra as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 60 do TRLCSP.

Respecto das empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea estarase ao disposto nos artigos 58, 62, 66.1, 72.2, 73.2 e 84 do TRLCSP e no artigo 9 do RXLCAP.

Respecto das empresas estranxeiras non comunitarias estarase ao disposto no artigo 55, 72.3 do TRLCSP e no artigo 10 do RXLCAP.

En canto ás unións temporais de empresarios, estarase ao disposto no artigo 59 do TRLCSP e nos artigos 24 e 52 do RXLCAP.

2.2.2. Garantía provisional

Non se esixe

2.2.3. Presentación de ofertas

A presentación de ofertas supón por parte do Empresario a aceptación incondicional das cláusulas deste Prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

As ofertas presentaranse no lugar e prazo sinalado na invitación a presentar ofertas formulada pola Administración en base ao artigo 178 TRLCSP. A invitación aos candidatos incluírá un exemplar dos pregos e copia da documentación complementaria ou precisará a forma en que pode solicitarse dita documentación e a data límite para iso.

2.2.4. Forma e contido das ofertas

Os licitadores que desexen tomar parte neste procedemento presentarán TRES SOBRES: **SOBRE A (documentación administrativa)** , **SOBRE B (documentación técnica)** e **SOBRE C (Oferta económica)**, do seguinte xeito:

-Asinados polo licitador ou, se é o caso, polo representante legal da entidade que asina toda a documentación.

- Con indicación do nome e apelidos do licitador ou, se é o caso, denominación social, teléfono, fax, enderezo e correo electrónico.

- Debidamente pechados (poderán estar lacrados), de tal xeito que se garanta que permanezan nese estado ata a data da súa apertura.

As indicacións do SOBRE A , B e C, respectivamente, deberán figurar na parte superior de cada un deles, e nos seus centros constará a lenda: "proposición para tomar parte na contratación do servizo denominado: (Mantemento, conservación, reparación e aforro e eficiencia enerxética das instalacións de Alumeado Público municipal así como das instalacións eléctricas dos edificios e dependencias municipais)".

Cando se utilice o sistema de envío por correo, a presentación de proposicións poderá realizarse a calquera hora do último día de prazo. Neste caso o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos (será requisito indispensable que se trate dunha oficina de correos prestadora do Servizo Postal Universal) e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama en calquera momento antes de expirar o día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo devandito órgano de contratación con posterioridade á data na que remata o prazo para presentar as solicitudes. Transcorridos os 10 días

naturais seguintes á indicada data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Naqueles supostos nos que o último día para a presentación de proposicións coincida en domingo ou festivo, o prazo para a presentación de proposicións rematará o primeiro día hábil seguinte.

A presentación da proposición presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste prego, así como do prego de prescricións técnicas.

Toda a documentación presentarse en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

A) DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

CONTIDO: integrada por un ÍN D I C E, (B) FOLLA RESUMO DATOS DO LICITADOR A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (ver **Anexo V**) na que conste a dirección completa do licitador a estes efectos, incluíndo número de teléfono, fax e persoa de contacto, e (C) DOCUMENTOS QUE SEGUIDAMENTE SE RELACIONAN.

- **Declaración responsable** nos termos do Anexo I.1 deste prego, debidamente cuberta e asinada.
 - No caso de que a documentación se presente por varios empresarios que formen unha **unión temporal**, cada un deles deberá cubrir o Anexo I.1, incluíndo ademais unha declaración responsable subscrita por quen afirme representar a cada unha das empresas, na que figurarán:
 - a) o nome e circunstancias de cada un dos que a constitúen
 - b) a participación de cada un na unión a constituír
 - c) a asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato
 - d) o representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo.
 - **Datos a efectos de notificacións telemáticas.** No caso de que conforme ao apartado P do Cadro - Resumo sexa posible realizar notificacións telemáticas e o licitador consinta que se utilice dito sistema de notificacións telemáticas no procedemento de adxudicación e execución deste contrato deberán cubrirse os datos correspondentes previstos no Anexo XI de acordo coa Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Para isto, as persoas que alí se identifiquen deberán contar co D.N.I electrónico ou calquera outro certificado electrónico equivalente admitido pola Xunta de Galicia.
- No caso de non consentir a utilización de medios electrónicos a efectos de notificación, deberá expresarse así no citado Anexo XI.
- **Determinación, no seu caso, dos Documentos e datos dos licitadores de carácter confidencial.** Tal como prevé o artigo 140 TRLCSP, as empresas licitadoras terán que indicar, se é o caso, mediante unha declaración complementaria, que documentos administrativos e técnicos e datos presentados son, ao seu parecer, constitutivos de ser considerados confidenciais. Esta circunstancia deberá ademais reflectirse claramente (sobreimprimida, á marxe ou de calquera outra forma) no propio documento sinalado como tal. Os documentos e datos presentados polas empresas licitadoras poden ser considerados de carácter confidencial cando a súa difusión a terceiros poida ser contraria aos seus intereses comerciais lexítimos,

prexudicar a leal competencia entre as empresas do sector ou ben estean comprendidas nas prohibicións establecidas na Lei de Protección de datos de Carácter Persoal. De non se achegarse esta declaración considerarase que ningún documento ou dato posúe o devandito carácter.

O licitador deberá incluír calquera documento que se indique expresamente no Prego de Prescricións Técnicas e que permitan verificar que a oferta cumpre coas especificacións técnicas requiridas.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha oferta.

C) OFERTA ECONOMICA

Deberase incluír a Oferta Económica formulada conforme ao modelo que se adxunta como **Anexo VI** deste Prego, que podera ser selado ou lacrado. As ofertas dos contratantes deberán indicar, como partida independente, o importe do Imposto sobre o Valor Engadido que debe ser repercutido.

2.2.5. Aclaración de ofertas

O Órgano de contratación poderá solicitar ao licitador aclaración sobre a oferta presentada ou si tivera que corrixir manifestos erros materiais na redacción da mesma e sempre que se respecte o principio de igualdade de trato e sen que poida, en ningún caso, modificarse os termos da oferta. De todo o actuado deberá deixarse constancia documental no expediente (art. 9 Lei 3/2011).

2.2.6. Sucesión no procedemento

Si durante a tramitación do procedemento e antes da adxudicación se produce a extinción da personalidade xurídica da empresa licitadora por fusión, escisión ou pola transmisión do seu patrimonio empresarial, lle sucederá na súa posición no procedemento a sociedade absorbente, a resultante da fusión, a beneficiaria da escisión ou a adquirente do patrimonio, sempre que reúna as condicións de capacidade e ausencia de prohibicións de contratar e acredite a solvencia e clasificación nas condicións esixidas no presente prego para poder participar no procedemento de adxudicación.

2.3. Adxudicación

2.3.1. Negociación dos termos do contrato.

O Órgano de contratación negociará cos licitadores as condicións do contrato tomando como base as ofertas que estes presentasen de conformidade co previsto no artigo 178 TRLCSP.

Deste xeito, se o órgano de contratación á vista da documentación presentada, considera que existen elementos susceptibles de negociación, reformulación ou mellora, enviará por escrito poñendo este extremo en coñecemento de tódolos licitadores, indicando tales elementos. Os licitadores poderán entón presentar por escrito, no prazo máximo de 5 días hábiles, a súa contestación, reformulando, se o estiman pertinente, os termos expostos. En todo caso, aplicaranse nesta fase os principios de formalización documental, igualdade, non discriminación e transparencia.

En todo caso garantirase a confidencialidade da documentación presentada e das ofertas. Para tal fin tras a solicitude de documentación dun licitador por outro competidor solicitarase a conformidade daquel para facilitala.

2.3.2. Aspectos económicos e técnicos obxecto de negociación.

Os aspectos económicos e técnicos que sexan obxecto de negociación coas empresas licitadoras son os indicados no **Anexo VII**.

2.3.3. Clasificación das ofertas.

Aos efectos de determinar a oferta economicamente máis vantaxosa, o servizo propoñente da contratación elaborará un informe no que clasifique as ofertas dos licitadores segundo o resultado da negociación que elevará ao Órgano de contratación.

2.3.4. Presentación da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos polo licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa.

O Órgano de contratación, á vista da proposta formulada, clasificará por orde decrecente as ofertas presentadas e requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

1º Documentos que acrediten a personalidade do empresario e o seu ámbito de actividade.

Se a empresa fose persoa xurídica a personalidade acreditarase mediante a presentación da escritura de constitución ou modificación, se é o caso, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil cando este requisito sexa esixible segundo a lexislación mercantil aplicable. Se o devandito requisito non fora esixible, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acta fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial. (artigo 146.1 a) TRLCSP).

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais lle sexan propios, cuestión que deberá quedar acreditada na documentación achegada.

Os empresarios individuais acreditarán a capacidade de obrar mediante fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade. En caso de que o empresario individual non posúa DNI deberá presentar fotocopia lexitimada notarialmente ou compulsada polo órgano administrativo competente, do documento que lle substitúa regulamentariamente (artigo 146.1 a) TRLCSP e 21 RGLCAP).

2º Documentos que acrediten, no seu caso, a representación. Os que comparezan ou firmen ofertas en nome de outro presentarán poder bastante ao efecto, previamente bastantado pola Secretaría do Concello.

Si a empresa fora persoa xurídica o poder deberá figurar inscrito, no seu caso, no Rexistro Mercantil. Si se trata dun poder para acto concreto non é necesaria a inscrición no Rexistro Mercantil, de acordo co art. 94.5 do Regulamento do Rexistro Mercantil.

En caso de que o representante non posúa DNI deberá presentar fotocopia lexitimada notarialmente ou compulsada polo órgano administrativo competente, do documento que o substitúa regulamentariamente, (artigo 146.1 a) TRLCSP e 21 RGLCAP).

3º Declaración responsable de non estar incurso a empresa nas prohibicións para contratar, conforme aos artigos 60 e 61 TRLCSP, conforme ao modelo previsto no Anexo I.2

Exención de presentar a documentación relacionada nos apartados 1, 2 e 3 desta cláusula sempre que o licitador se atope inscrito no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado, ou no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, ou no Rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña, tendo en conta o seguinte:

- O adxudicatario presentará a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.
- O adxudicatario que con carácter voluntario figure inscrito no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañará unha copia do informe relativo aos datos inscritos e en consecuencia quedará dispensado de presentar os documentos referidos, sempre que os citados informes estean vixentes (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP Núm. 64 con data do 20 de marzo de 1998).

En todo caso o licitador deberá presentar unha declaración responsable sobre a vixencia dos datos anotados no Rexistro de Licitadores, segundo o modelo que figura como Anexo XV ao presente prego. Si se tivese producido alteración dos datos rexistrais farase mención expresa na citada declaración, unindo a documentación correspondente (**ANEXO XV**)

4º Solvencia económica, financeira e técnica ou profesional. As persoas naturais ou xurídicas que pretendan contratar coa Administración deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional polos medios que se especifiquen no presente Prego (**Anexo II**). A solvencia acreditada valorarase segundo os criterios fixados en dito Anexo.

A acreditación da solvencia será substituída pola correspondente clasificación nos casos en que con arranxo ao TRLCSP sexa esixible (arts. 62.1 e 65 TRLCSP). A acreditación da solvencia mediante medios externos (art. 63 TRLCSP) esixirá demostrar que para a execución do contrato dispón efectivamente de eses medios mediante a exhibición do correspondente documento de compromiso de disposición, ademais de xustificar a súa suficiencia polos medios establecidos no anexo nº II. O Órgano de contratación poderá prohibir, facéndoo constar no **Anexo II**, que un mesmo empresario poda concorrer para completar a solvencia de máis dun licitador.

En caso de resultar adxudicatario o licitador executará o contrato cos mesmos medios que aportou para acreditar a súa solvencia. Só poderá substituílos, por causas imprevisibles, por outros medios que acrediten solvencia equivalente e coa correspondente autorización da Administración.

5º Clasificación. Cando se esixa clasificación no **apartado M** do Cadro - Resumo, haberá que presentar certificación expedida polo Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas do Ministerio de Facenda ou testemuño notarial deste, acompañado dunha declaración responsable da súa vixencia e de que se manteñen as circunstancias que serviron de base para o seu outorgamento. O devandito documento deberá acreditar que o licitador está clasificado nos grupos e subgrupos que se especifican **no apartado M** do Cadro - Resumo do presente Prego en categorías iguais ou superiores ás alí mencionadas. Este requisito non será esixible a empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea, que deberán axustar a súa documentación ás especialidades esixidas no seu apartado específico (Apartado 16º).

6º Cumprimento de normas de garantía da calidade e de xestión medioambiental. Si así se prevé no **Anexo I, apartado 3** o licitador deberá aportar os certificados alí indicados, que operarán como criterio de solvencia a acreditar incluso cando se aporte o certificado acreditativo da clasificación.

7º Compromiso de adscripción de medios á execución do contrato. Cando así se esixa no **apartado N** do Cadro - Resumo e no **Anexo III** do presente Prego, os licitadores concurrentes deberán completar a

acreditación da súa solvencia mediante o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes, que deberán concretar na súa oferta (art. 64.2 TRLCSP).

8º. Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

9º Compromiso obrigatorio de subcontratación con empresas especializadas. Cando así se sinala no **apartado O** do Cadro - Resumo, os licitadores deberán aportar un compromiso de subcontratación para aquela parte do contrato que se indique no **Anexo IV** con empresas non vinculadas ao mesmo que contén coa habilitación profesional ou clasificación que se determine.

10º Declaración relativa á parte do contrato que o licitador teña previsto subcontratar. Sen prexuízo do disposto no artigo 63 TRLCSP, cando así se esixa no **apartado O** do Cadro - Resumo, os licitadores deberán indicar a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe e o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que vaia a encomendar a súa realización (artigo 227.2. a) TRLCSP).

11º. Cando se exerzan actividades suxeitas ao Imposto de Actividades Económicas: orixinal ou copia compulsada da alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente; ou orixinal ou copia compulsada do último recibo do devandito imposto, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do mesmo; ou, no seu caso, declaración responsable de atoparse exento.

12º. Documentación xustificativa de ter constituído a garantía definitiva prevista no apartado L da folia de especificacións mediante depósito na Caixa xeral de depósitos do Concello, mediante calquera das modalidades previstas no artigo 96.1 do TRLCSP.

13º Manifestación por escrito de que na oferta inicial presentada obxecto de negociación se tiveron en conta as obrigas derivadas das disposicións vixentes en materia de protección do emprego, condicións de traballo e prevención de riscos laborais, e protección do medio ambiente. Incorporase modelo como Anexo I.3 ao presente Prego.

14º. Escritura pública de constitución da Unión Temporal de Empresas, debidamente inscrita no rexistro correspondente, cando o adxudicatario tivese tal condición.

15º Especialidades na documentación que deben presentar os empresarios estranxeiros. Os empresarios estranxeiros deberán presentar a documentación sinalada anteriormente tendo en conta as especialidades e a documentación específica que a continuación se detalla:

	Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo	Restantes empresas estranxeiras
Documentos que acrediten a capacidade de obrar	<ul style="list-style-type: none"> - Acreditarase mediante a inscrición nos Rexistros ou presentación das certificacións que se indican no anexo I do RGLCAP, en función dos diferentes contratos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Acreditarase mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa, no que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato. - Deberá acompañarse ademais informe de reciprocidade a que se refire o artigo 55 TRLCSP, salvo que se trate de contratos suxeitos a regulación harmonizada, en cuxo caso substituirase por un informe da Misión Diplomática Permanente ou da Secretaría Xeral de Comercio Exterior do Ministerio de Economía sobre a condición de Estado signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.
Solvencia económica, financeira e técnica	<ul style="list-style-type: none"> - Deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica na mesma forma que se esixe aos empresarios españois (apartado 4º da documentación xeral). 	<ul style="list-style-type: none"> - Deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica na mesma forma que se esixe aos empresarios españois (apartado 4º da documentación xeral).
Clasificación	<ul style="list-style-type: none"> - Cando se esixa clasificación, será suficiente que acrediten, no seu caso, ante o Órgano de contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica segundo se expresa no anterior apartado (art. 65 TRLCSP). - Deberán, así mesmo, presentar declaración responsable de non atoparse clasificados, nin con clasificación suspendida ou anulada (art. 9.2 RGLCAP). 	<ul style="list-style-type: none"> - Acreditar a clasificación requirida nas mesmas condicións que se esixen aos empresarios españois

Sometemento Xurisdición española	Declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais Españóis de calquera orden. Para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, declaración con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitador (art. 146.1. e) TRLCSP).
---	--

TODA A DOCUMENTACIÓN DEBERÁ PRESENTARSE REDACTADA EN CASTELÁN OU GALEGO. AS TRADUCCIÓNS DEBERÁN FACERSE EN FORMA OFICIAL (art. 23 RGLCAP).

De conformidade co disposto no artigo 151.2 parágrafo 3º do TRLCSP, de non presentarse a documentación na forma e prazo establecidos, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a recadar a mesma documentación ao seguinte licitador, pola orde na que tivesen quedado clasificadas as ofertas.

O licitador que non cumprimente o establecido neste apartado dentro do prazo sinalado mediando dolo, culpa ou negligencia poderá ser declarado en prohibición de contratar segundo o previsto no artigo 60.2.d) do TRLCSP.

En todo caso, o órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá recadar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores aporten documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

2.3.5 Garantía definitiva

A garantía definitiva que figura no **apartado L** do cadro resumen poderá constituírse en calquera das formas previstas nos artigos 96.1 TRLCSP e 55 e seguintes do RGLCAP. Si así se prevé no citado apartado do Cadro - Resumo poderá constituírse mediante retención no prezo.

En caso de que se fagan efectivas sobre esta garantía as penalidades ou indemnizacións esixibles ao adxudicatario, este deberá repoñer ou ampliar aquela na contía que corresponda no prazo de quince (15) días naturais dende a execución, incorrendo en caso contrario en causa de resolución.

Cando como consecuencia dunha modificación do contrato experimente variación o seu prezo, deberá readaptarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince (15) días naturais contados dende a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

2.3.6 Renuncia á celebración do contrato e desestimento do procedemento de adxudicación pola Administración

O Órgano de contratación non poderá declarar deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A renuncia á celebración do contrato ou o desestimento do procedemento nos termos do artigo 155 TRLCSP só poderán acordarse polo Órgano de contratación antes da adxudicación notificando aos licitadores e informando tamén á Comisión Europea cando o contrato se anuncie no Diario Oficial de la Unión Europea.

2.3.7 Adxudicación

O Órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción de toda a documentación á que se refire a cláusula 2.3.4.

A adxudicación, que será motivada, concretará e fixará os termos definitivos do contrato, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante.

A notificación conterá a información necesaria que permita ao licitador excluído interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación, e en particular a esixida polo artigo 151.4 TRLCSP.

Será de aplicación á motivación da adxudicación a excepción de confidencialidade contida no artigo 153 TRLCSP.

En todo caso, na notificación e no perfil de contratante indicárase o prazo en que debe procederse á súa formalización conforme ao disposto no artigo 156.3 TRLCSP.

A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, e en función do previsto **no apartado P** do cadro resumo, poderá efectuarse electrónica mente á dirección que os licitadores tivesen designado ao presentar as súas proposicións nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos. O prazo para considerar rexeitada a notificación electrónica cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, será de cinco días naturais computados dende que se teña constancia da súa posta a disposición do interesado sen que se acceda ao seu contido, salvo que de oficio ou a instancia do destinatario se comprobe a imposibilidade técnica ou material do acceso.

Contra o acto de adxudicación cabe interpoñer os seguintes recursos:

a) Se se trata dun contrato suxeito a regulación harmonizada ou de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II do TRLCSP de valor considerado igual ou superior a 193.000 euros, ou o que regulamentariamente se determine, poderase interpoñer potestativamente en vía administrativa o recurso especial previsto no artigo 40 TRLCSP no prazo de 15 días hábiles dende a remisión da notificación no rexistro do Órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver.

A interposición do recurso especial deberá anunciarse previamente mediante escrito especificando o acto do procedemento que vaia ser obxecto deste, presentado ante o Órgano de contratación no mesmo prazo previsto para a interposición do recurso. A interposición do recurso especial producirá a suspensión da tramitación do expediente de contratación (art.º 45 TRLCSP).

Alternativamente, poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a computar dende o día seguinte ao da súa notificación.

b) No resto dos contratos, a adxudicación poderá ser recorrida de acordo co previsto nos artigos 107 e seguintes da Lei 30/1992.

2.4. Formalización do Contrato

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo o devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso se poderán incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

O contrato perfecciónase coa súa formalización e en ningún caso poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

Previamente á firma do contrato, o representante do adxudicatario deberá presentar ante o Órgano de contratación:

- 1.- Os documentos que acrediten a súa identidade e representación
- 2.- Se o adxudicatario fose unha Unión Temporal de Empresas, escritura pública da súa constitución, CIF asignado e nomeamento de representante con poder abondo.
- 3.- Se se tivese presentado Certificado expedido polo Rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Estado, o adxudicatario deberá reiterar no contrato a vixencia das circunstancias que motivaron a súa expedición.

2.4.1. Prazo de formalización

Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores. O Órgano de contratación requirirá o adxudicatario para que formalice o contrato en prazo non superior a cinco días a contar dende o seguinte aquel en que tivese recibido o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se tivese interposto recurso que leve aparelada a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederá cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

Nos restantes casos, a formalización do contrato deberá efectuarse no prazo máximo de quince días hábiles contados dende o seguinte ao da recepción polo adxudicatario da notificación da adxudicación.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso tería esixido.

Se as causas da non formalización foren imputables á Administración, indemnizarase o contratista dos danos e prexuízos que a demora lle puidese ocasionar.

2.4.2 Publicidade da formalización

Da formalización do contrato darase publicidade segundo o disposto no artigo 154 TRLCSP.

2.5. Dereitos e obrigas das partes

2.5.1 Valoración dos traballos.

A valoración dos traballos realizarase conforme ao disposto no artigo 199 do RGLCAP nos vencementos que se tivesen establecido no contrato e se este fose de tracto sucesivo e non se tivese disposto outra cousa realizaranse mensualmente.

Para a valoración aplicarase o sistema de determinación de prezos fixados no **apartado C** do Cadro Resumo, por prezos unitarios, referidos a unidades de prestación, unidades de tempo, aplicación de honorarios por tarifa, polo tanto alzado cando non sexa posible ou conveniente a súa descomposición ou nunha composición de varias destas modalidades, segundo o orzamento elaborado pola Administración que figure no Prego de Prescricións Técnicas.

Poderán realizarse valoracións parciais por traballos efectuados antes de que se produza a entrega parcial destes, sempre que se solicite por parte do contratista e sexan autorizados polo Órgano de contratación. A tramitación das certificacións derivadas dunha valoración parcial esixirá que o contratista garantise o seu importe de acordo no artigo 200 do Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

2.5.2 Abonos ao contratista.

O pagamento do traballo ou servizo efectuarase á realización deste logo de presentación de factura ou documento equivalente debidamente conformado, certificacións en caso de entregas parciais e Acta de Recepción cando proceda. Para tal efecto, os contratistas deberán remitir a factura no prazo máximo de 30 días dende a realización do servizo de conformidade. Si se observase que a factura presentada adoece dalgún requisito esixible, solicitarase a súa emenda sen que empece a computarse o prazo indicado no parágrafo seguinte ata a súa corrección.

No caso de servizos de tracto sucesivo, as facturas deberanse remitir no prazo máximo de 10 días dende a realización da prestación no período de que se trate.

Os traballos ou servizos deberán aboarse no prazo máximo previsto no artigo 216 TRLCSP, coa transitoriedade prevista na súa Disposición Transitoria sexta. Se se producise demora no pagamento, o contratista terá dereito a percibir os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobramento previstos nese mesmo artigo.

Poderanse realizar aboamentos a conta polo importe das operacións preparatorias da execución do contrato e que estean comprendidas no obxecto deste debendo asegurar o contratista o pagamento mediante prestación da garantía correspondente. No Prego de Prescricións Técnicas especificaranse as condicións e criterios de valoración que esixe o artigo 201 RGLCAP.

Se o contrato está cofinanciado por outras Entidades ou Organismos, ao Contratista se lle aboará por cada unha das partes comprometidas no financiamento, o traballo executado na proporción en que participan neste e que se reflicte nos **apartados D e E** do Cadro - Resumo.

2.5.3 Obrigas do contratista.

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigas específicas do Contratista as seguintes:

2.5.3.1 Obrigas laborais, sociais, fiscais e de protección do medio ambiente.

O persoal que a empresa adxudicataria deba contratar para atender as súas obrigas dependerá exclusivamente desta, sen que á extinción do contrato poida producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizasen os traballos como persoal do órgano contratante.

O contratista esta obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia fiscal, laboral, de seguridade social, de integración social de persoas con minusvalidez, de prevención de riscos laborais e de protección do medio que se establezan tanto na normativa vixente coma nos pregos que rexen a presente contratación.

O Órgano de contratación poderá sinalar no Prego de Prescricións Técnicas o organismo ou organismos dos que os licitadores poidan obter a información pertinente relativa ás citadas obrigas.

2.5.3.2 Subrogación en contratos de traballo.

No caso de que así se indique no **apartado Ñ** do Cadro - Resumo o adxudicatario deberá subrogarse como empregador nos contratos de traballo cuxas condicións se recollen na documentación complementaria a este expediente.

2.5.3.3 Obrigas do contratista en supostos de subcontratación.

Si así está previsto no **apartado O** do Cadro - Resumo, o contratista poderá concertar a realización parcial da prestación cos requisitos e alcance que establece o artigo 227 TRLCSP. O porcentaxe máximo que se pode subcontratar será o fixado no **apartado O**, en caso de non fixarse ningún, o mesmo no poderá exceder do 60% do importe de adxudicación.

O Órgano de contratación si así se indica no mesmo **apartado O** poderá impoñer ao contratista a subcontratación de determinadas partes da prestación de acordo co previsto no artigo 227.7 TRLCSP. Neste suposto o licitador aportará a documentación que se especifica como nº 9 da

Documentación Administrativa na cláusula 2.2.3.

Así mesmo o Órgano de contratación poderá esixir dos licitadores que indiquen na súa oferta a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe e o nome ou perfil empresarial dos subcontratistas (Artigo 227.2. a) TRLCSP). Nese caso o licitador deberá incluír a declaración que se especifica como n.º 10 da Documentación Administrativa na cláusula 2.2.3.

A celebración de subcontratos polo contratista estará sometida ao cumprimento dos requisitos establecidos nos artigos 227 e 228 TRLCSP, así como ao réxime de prohibicións para contratar establecido na lei.

2.5.3.4 Obrigas relativas á Xestión de permisos, licencias e autorizacións

O contratista estará obrigado, salvo que o Órgano de contratación decida xestionalo por si mesmo e así fágallo saber de forma expresa, a xestionar os permisos, licenzas e autorizacións establecidas nas ordenanzas municipais e nas normas de calquera outro organismo público ou privado que sexan necesarias para o inicio e execución do servizo, solicitando da Administración os documentos que para iso sexan necesarios.

2.5.4 Tributos.

Tanto nas ofertas que formulen os licitadores como nas propostas de adxudicación, se entenderán comprendidos, a tódolos efectos, os tributos de calquera índole que graven os diversos conceptos, **agás** o Imposto sobre o Valor Engadido, que será repercutido como partida independente de acordo coa lexislación vixente.

2.5.5 Revisión de prezos.

Respecto da revisión de prezos estarase ao previsto nos artigos 89 e seguintes do TRLCSP, na súa modificación operada pola Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española.

No caso de que proceda a revisión de prezos, estarase ao establecido no **apartado J** do Cadro - Resumo e ao método que se expresa no mesmo apartado.

2.5.6 Sucesión na persoa do contratista

Nos casos de fusión, escisión, achega ou transmisión de empresas ou ramas de actividade destas continuará o contrato vixente coa entidade resultante, que quedará subrogada nos dereitos e obrigas dimanantes deste, si se producen as condicións esixidas no artigo 85 TRLCSP.

É obriga do contratista comunicar fehacemente á Administración calquera cambio que afecte á súa personalidade xurídica, suspendéndose o cómputo dos prazos legalmente previstos para o aboamento das facturas correspondentes ata que se verifique o cumprimento das condicións da subrogación.

Se non puidese producirse a subrogación por non reunir a entidade á que se atribúa o contrato as condicións de solvencia necesarias, resolverase este, considerándose a todos os efectos como un suposto de resolución por culpa do contratista.

2.6. Execución dos traballos ou do servizo.

Os traballos executaranse con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste Prego e no Prego de Prescricións Técnicas aprobado pola Administración.

O incumprimento dos compromisos de adscrición de medios persoais ou materiais á execución do contrato recollidos no **Anexo III** poderá ser causa de resolución do contrato cando así se determine expresamente no devandito Anexo ou dará lugar, se é o caso, á imposición das penalidades que se sinalen no **Anexo IX**.

2.6.1 Condicións especiais de execución do contrato.

Cando así se dispoña no **apartado I** do Cadro - Resumo o Órgano de contratación poderá establecer condicións especiais en relación coa execución do contrato de acordo co establecido no artigo 118 TRLCSP, as cales se describirán no **Anexo VIII** e cuxo incumprimento terá as consecuencias que neste se establezan.

Así mesmo poderanse prever no **Anexo IX** penalidades para o incumprimento destas.

2.6.2 Prazo.

O prazo xeral de execución será o que se fixe no **apartado F** do Cadro - Resumo, ou o que resulte da adxudicación do contrato de acordo coa oferta presentada polo adxudicatario.

2.6.3 Dirección dos Traballos.

En virtude do establecido no artigo 305 TRLCSP o Órgano de contratación dirixirá os traballos contratados. A tal efecto, poderá nomear un responsable do contrato coas funcións que establece o artigo 63 TRLCSP.

2.6.4 Programa de traballo.

Se a Administración considera conveniente esixir un Programa de Traballo este será presentado polo empresario para a súa aprobación pola Administración ao mesmo tempo que se aproben os documentos da solución elixida, fixándose os prazos parciais correspondentes.

Cada vez que se modifiquen as condicións contractuais, o Contratista queda obrigado á actualización e posta ao día deste Programa, seguindo as instrucións que, para estes efectos, reciba.

2.6.5 Plan de Seguridade e Saúde no traballo.

Cando a natureza do obxecto do contrato requira a intervención de traballadores suxeitos a un especial risco para a seguridade e a saúde na súa realización, xa sexa físico, psicofísico, químico ou biolóxico, o adxudicatario deberá presentar un Plan de Seguridade e Saúde. No devandito plan recolleranse, entre outros, os seguintes aspectos:

- Control de accidentes ou enfermidades profesionais.
- Determinación da persoa encargada da vixilancia e seguimento do Plan de Seguridade e Saúde. A iniciación do servizo quedará subordinada á aprobación do Plan de Seguridade e Saúde polo Órgano de contratación, logo de informe favorable do mesmo emitido por un técnico competente.

2.6.6 Dereitos de propiedade intelectual ou industrial.

Si o contrato ten por obxecto o desenvolvemento e a posta a disposición de produtos protexidos por un dereito de propiedade intelectual ou industrial levará aparelada a cesión de este á Administración contratante.

2.6.7 Cumprimento de prazos e penalidades por demora.

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución do contrato e dos prazos parciais fixados pola Administración. Caso de superarse o prazo establecido ou no caso de incumprimento de prazos parciais por causas imputables ao contratista, estarase ao disposto nos artigos 212 e 213 TRLCSP. Se atendendo ás especiais características do contrato se considera necesario para a súa correcta execución o establecemento de penalidades distintas ás incluídas nos devanditos artigos, estas especificaranse no **Anexo IX** do presente Prego.

A perda da garantía ou os importes das penalidades non exclúen a indemnización por danos e prexuízos a que poida ter dereito a Administración orixinada pola demora do contratista (artigo 214 TRLCSP).

En todo caso, a constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte da Administración.

O importe das penalidades por demora deducirase das certificacións e, no seu caso, da garantía cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.

2.6.8 Outras penalidades:

O cumprimento defectuoso das prestacións obxecto do contrato, o incumprimento dos compromisos de adscrición de medios, ou das condicións especiais de execución do contrato, dará lugar á imposición de penalidades cando así se indique no **Anexo IX** deste Prego e na forma en el previstas.

2.6.9 Indemnizacións nos contratos de elaboración de proxectos de obra.

Nos contratos cuxo obxecto sexa a elaboración dun proxecto de obra o contratista estará obrigado a indemnizar á Administración en caso de desviacións no orzamento de execución da obra debidas a erros u omisións imputables ao mesmo de conformidade co establecido no artigo 311 TRLCSP, resultando aplicable o baremo de indemnizacións establecido en dicho artigo.

2.6.10. Modificacións do contrato

Unha vez perfeccionado o contrato, o Órgano de contratación só poderá introducir modificacións neste por razóns de interese público, cando así se prevexa no **apartado Q** do cadro resumo e **Anexo XII** ou nos supostos e cos límites establecidos no artigo 107 TRLCSP.

Estas modificacións serán en todo caso obrigatorias para o contratista e deberán ser acordadas polo Órgano de contratación, logo de tramitación do procedemento previsto no artigo 211 TRLCSP e 102 RGLCAP e formalizarse en documento administrativo conforme ao sinalado no artigo 156 TRLCSP, logo de reaxuste da garantía definitiva no seu caso.

Cada vez que se modifiquen as condicións contractuais, o Contratista queda obrigado á actualización do Programa de Traballo.

2.6.10.1 Modificacións previstas

O presente contrato poderá modificarse se así se previu no **apartado Q** do cadro resumo, segundo o detallado no **Anexo XII** do presente prego nas circunstancias, coas condicións, alcance e os límites alí establecidos, que deberán indicar expresamente a porcentaxe do prezo de adxudicación do contrato ao que como máximo poidan afectar.

En caso de prever varias causas de modificación as circunstancias, condicións, alcance, límites e

porcentaxe deberá quedar referido a cada unha delas.

No caso de que as modificacións previstas leven consigo a fixación de novos prezos, o procedemento para a súa determinación será o que se sinala no **Anexo XII**.

2.6.10.2 Modificacións non previstas

Só poderán introducirse modificacións distintas das previstas no **Anexo XII** do presente Prego, por razóns de interese público cando se xustifique suficientemente a concorrencia dalgún ou varios dos supostos taxados do apartado 1º do artigo 107 TRLCSP, sempre que non se alteren as condicións esenciais da licitación e adxudicación. Só se poderán introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Para tal efecto, entenderase que se alteran as condicións esenciais da licitación e adxudicación nos supostos indicados no apartado 3º do artigo 107 TRLCSP.

Sen prexuízo do establecido no artigo 211 TRLCSP, antes de proceder á modificación do contrato nestes supostos, deberá darse audiencia ao redactor das especificacións técnicas, se estas foron preparadas por un terceiro alleo ao Órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos, para que, nun prazo non inferior a tres días, formule as consideracións que teña por conveniente.

2.6.11 Suspensión dos traballos ou do servizo

O contrato poderá suspenderse de acordo co previsto nos artigos 216 e 220 TRLCSP, resultando tamén aplicable o artigo 103 do RGLCAP.

2.7 Entrega dos traballos. Recepción e liquidación. Prazo de garantía

2.7.1 Entrega dos traballos e realización dos servizos

O contratista deberá entregar os traballos realizados ou prestar o servizo dentro do prazo estipulado, efectuándose polo representante do Órgano de contratación, se é o caso, un exame da documentación presentada ou da prestación realizada e se estimase cumpridas as prescricións técnicas propoñerá que se leve a cabo a recepción. No caso contrario estarase ao establecido no artigo 203 do RGLAP.

Se os traballos efectuados non se adecúan á prestación contratada como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, a Administración poderá rexeitar esta, quedando exento da obriga de pagamento ou tendo dereito, se é o caso, á recuperación do prezo satisfeito (artigo 307 TRLCSP).

Se o contrato ten por obxecto a elaboración íntegra dun proxecto de obra para a emenda de erros e corrección de deficiencias no mesmo que sexan imputables ao contratista, se estará ao previsto no artigo 310 TRLCSP.

2.7.2 Recepción e liquidación

A recepción e liquidación do contrato, regularanse segundo o conforme ao disposto no artigo 222 TRLCSP e no artigo 204 RGLCAP. En todo caso, a súa constatación esixirá por parte da Administración un acto formal e positivo de recepción ou conformidade dentro do mes seguinte á realización do obxecto do contrato ou no prazo que se estableza no Prego de Prescricións Técnicas en función das características do contrato.

Así mesmo, poderán efectuarse recepcións parciais sobre aquelas partes do contrato susceptibles de ser utilizado de forma independente.

En caso de contratos cuxa execución sexa de tracto sucesivo, a recepción realizarase á terminación da prestación contratada ou ao termo do prazo contractual.

2.7.3 Prazo de garantía

O prazo de garantía será o establecido no **apartado H** do Cadro - Resumo. Si durante dito prazo se acredítase a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados, o Órgano de contratación terá dereito a reclamar a subsanación dos mesmos (artigo 307 TRLCSP).

2.7.4 Devolución de la garantía

Transcorrido o prazo de garantía indicado no **apartado H** do Cadro - Resumo, sen que a Administración formalizase ningún reparo, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade por razón da prestación efectuada, sen prexuízo do disposto nos artigos 310 e seguintes TRLCSP en relación a contratos de elaboración de proxectos de obras, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía definitiva.

2.7.5 Responsabilidade nos contratos de elaboración de proxectos de obra.

Si o contrato ten por obxecto a elaboración dun proxecto de obra o contratista responderá dos danos e prexuízos que durante a execución ou explotación da obra se causen tanto á Administración como a terceiros, por defectos e insuficiencias técnicas do proxecto ou polos erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios en que o mesmo haxa incorrido, imputables a aquel, resultando de aplicación o previsto no artigo 312 TRLCSP.

No caso de que se teña que realizar un modificado no previsto da obra cuxo proxecto sexa obxecto deste contrato, se lle dará audiencia ao redactor para que nun prazo no inferior a tres días formule as consideracións que teña por conveniente, con independencia das responsabilidades nas que poidese incurrir.

2.8 Resolución do contrato

Serán causa de resolución do contrato, ademais das establecidas nos artigos 223 e 308 TRLCSP, as previstas no **Anexo XIII** do presente prego. A resolución contractual tramitarase conforme ao procedemento detallado no artigo 109 e seguintes do RGLCAP no prazo de seis meses contados dende a data de incoación do procedemento de resolución e producirá os efectos sinalados nos artigos 225 e 309 TRLCSP. Nos contratos que teñan por obxecto a elaboración dun proxecto de obras serán tamén de aplicación as causas de resolución do artigo 310 TRLCSP cos efectos previstos no mesmo artigo.

Ademais o contrato poderá ser resolto polo Órgano de contratación cando se produzan incumprimento do prazo total ou dos prazos parciais fixados para a execución do contrato que faga presumiblemente razoable a imposibilidade de cumprir o prazo total, sempre que o Órgano de contratación non opte pola imposición das penalidades sinaladas no artigo 212.4 TRLCSP.

Así mesmo serán causas de resolución do contrato ao abeiro do artigo 223 f) TRLCSP as establecidas como obrigas esenciais polo Órgano de contratación no **Anexo X**.

No suposto de Unións Temporais de Empresas, cando algunha das integrantes se encontre comprendida no suposto do artigo 223 a) e b) TRLCSP, a Administración estará facultada para esixir o cumprimento das obrigas contractuais ao resto das empresas que constitúan a unión temporal ou acordar a resolución do contrato. Non obstante, cando as penalidades por incumprimento alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o Órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a

continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Para a resolución do contrato, darase cumprimento aos requisitos establecidos no artigo 109 RGLCAP.

2.9 Réxime xurídico do contrato, prerrogativas da administración e Xurisdición

Este contrato ten carácter administrativo de acordo co previsto no artigo 19 TRLCSP e ambas as dúas partes quedan sometidas expresamente ao TRLCSP, ao RGLCAP e restantes disposicións de desenvolvemento, en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción.

Será igualmente aplicable a este contrato a Lei 3/2011.

O presente prego e demais documentos anexos revestirán carácter contractual. En caso de discordancia entre o presente prego e calquera do resto de documentos contractuais, prevalecerá este prego.

O descoñecemento das cláusulas do contrato en calquera dos seus termos, dos outros documentos contractuais que forman parte e das instrucións ou da normativa que resulten de aplicación na execución da cousa pactada, non exime o adxudicatario da obriga de cumprilas.

O Órgano de contratación ostenta, de acordo co previsto no artigo 210 TRLCSP, a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente poderá modificar os contratos asinados e acordar a súa resolución, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados no TRLCSP e as súas disposicións de desenvolvemento.

Os acordos que dite o Órgano de contratación no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos. Estes poñerán fin á vía administrativa e contra iso poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano ou recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación.

Nos procedementos iniciados por solicitude dun interesado para os que non se estableza especificamente outra cousa e que teñan por obxecto ou se refiran á reclamación de cantidades, o exercicio de prerrogativas administrativas ou a calquera outra cuestión relativa da execución, consumación ou extinción dun contrato administrativo, unha vez transcorrido o prazo previsto para a súa resolución sen notificarse esta, o interesado poderá considerar desestimada a súa solicitude por silencio administrativo, sen prexuízo da subsistencia da obriga de resolver.

2.10. Réxime de recursos contra a documentación que rexe a contratación.

O presente prego e o de prescricións técnicas poderán ser recorridos potestativamente mediante o recurso especial do artigo 40 TRLCSP no suposto de contratos suxeitos a regulación harmonizada e de contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II do TRLCSP de valor considerado igual ou superior a 193.000 euros, ou o que regulamentariamente se determine. O recurso deberá interpoñerse no rexistro do Órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver no prazo de quince días hábiles a computar dende o día seguinte a aquel en que estes fosen recibidos polos licitadores, sen que teña este efectos suspensivos automáticos.

A interposición do recurso especial deberá anunciarse previamente mediante escrito especificando o acto do procedemento que vaia ser obxecto deste, presentado ante o Órgano de contratación no mesmo prazo previsto para a interposición do recurso.

Alternativamente, poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de

Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a computar dende o día seguinte ao da súa notificación.

No resto de contratos, poderanse interpoñer os recursos ordinarios previstos na Lei 30/1992.

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTENIMENTO, CONSERVACIÓN, REPARACIÓN E AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO MUNICIPAL, ASÍ COMO DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS MUNICIPAIS

I.- OBXECTO DO CONTRATO.-

O obxecto do contrato é a prestación do servizo de mantemento, conservación, reparación e aforro e eficiencia enerxética das instalacións do alumeado público e das instalacións eléctricas das dependencias municipais do Concello de Fisterra.

As instalacións comprenden todas aquelas subministracións de alumeado público recollidas pola Empresa subministradora de enerxía e recoñecidas por esta, así como as instalacións eléctricas sitas nos edificios municipais (polideportivo, biblioteca, salón de actos culturais e demais locais de dito edificio, centro social municipal de Vilar, centro social de Suarriba, edificio de Protección Civil, Mercado, gardería infantil, Torres de iluminación do campo de fútbol municipal, dependencias da policía local, edificio da casa consistorial e demais edificios que pasen a ser de titularidade municipal durante a vixencia do contrato).

O ámbito territorial corresponderá a todas as zonas urbanas e rurais do municipio de Fisterra, onde exista o servizo de alumeado público.

A prestación do servizo ten como fin primordial o de conservar as instalacións no nivel de eficacia esixido polo Concello. Para iso asegurárase a continuidade do alumeado público, previndo as posibles avarías e realizando as reparacións, substitucións, melloras, etc..., necesarias para o mantemento do nivel do servizo e evitando os posibles riscos que se poida ocasionar a persoas ou cousas.

Inclúese no obxecto do presente contrato o asesoramento e posterior implementación de medidas conducentes a minorar o chamado impacto de contaminación lumínica naqueles entornos naturais e de interese patrimonial do Concello de Fisterra, así como o deseño de medidas conducentes a favorecer o deseño de plans de aforro e eficiencia enerxética de todas as instalacións comprendidas no servizo, co fin de reducir as emisións de gases de efecto invernadeiro.

Serán de conta do contratista tódolos gastos de persoal, vehículos, equipos e materiais necesarios para a prestación do referido servizo.

O persoal que realice ditos traballos dependerá, a tódolos efectos, do contratista, non tendo ningunha relación nin vinculación laboral, de ningún tipo con este Concello.

I.1.- INSTALACIÓNS ACTUAIS.-

O contratista terá que aceptar as instalacións existentes facéndose cargo destas nas condicións actuais de cada un dos seus elementos.

I.2.- INSTALACIÓNS PROVISIONAIS.-

Compréndese igualmente no obxecto do contrato a prestación dos seguintes servizos en relación coas seguintes instalacións de carácter provisional:

- Asistencia na montaxe de instalacións temporais para actos de carácter deportivo, cultural, social ou festas.
- Mantemento das mesmas para o seu correcto funcionamento.
- Retirada das mesmas e depósito en almacén u no local que se indique ò efecto.

1.3.- INSTALACIONES FUTURAS.-

Durante a vixencia do contrato, o Concello poderá realizar as modificacións que considere convenientes nas instalacións e o contratista estará obrigado a facerse cargo mesmas, debendo realizar nas instalacións futuras as mesmas prestacións xa detalladas respecto das instalacións actuais.

O Concello comunicará por escrito ao contratista a data de incorporación das novas instalacións. A partir desta data e no prazo máximo de 15 días deberá comezar a prestación dos servizos obxecto deste contrato nas novas instalacións.

Se a instalación ou os materiais tivesen defectos, incumprisen a lexislación vixente que lles resultase aplicable ou as normas técnicas municipais, o contratista deberá comunicalo por escrito ao Concello durante o prazo de 60 días dende o comezo do servizo. No caso de non presentar comunicación escrita algunha entenderase que tódolos servizos se atopan en correctas condicións de uso e funcionamento.

Durante o termo de garantía das novas instalacións, será a empresa instaladora que as levase a termo quen terá que responder da reparación de avarías e da substitución do posible material defectuoso. Transcorrido o prazo de garantía incorporárase a súa reparación ao presente contrato a tódolos efectos. No caso de que exista algunha deficiencia que afecte á seguridade, o contratista queda autorizado para tomar as medidas necesarias, en previsión de posibles accidentes. Os gastos derivados das substitucións e/ou reposición dos materiais, serán a cargo do Concello de Fisterra.

Este tipo de actuacións deberán ser documentadas e xustificadas a posteriori.

O contratista non poderá realizar obras novas nin melloras que alteren ou modifiquen o trazado e/ou características dos elementos a conservar salvo autorización expresa.

II.- CONTIDO DA PRESTACIÓN DO SERVICIO.-

A prestación do servizo de mantemento, conservación, explotación e de aforro e eficiencia enerxética das instalacións de alumeadado público municipal e das instalacións eléctricas das dependencias municipais comprende a realización das seguintes actividades en relación coas referidas instalacións actuais, provisionais e futuras:

- Control de acendido e apagado das instalacións de iluminación pública.
- Control da redución de fluxo.
- Inspeccións.
- Mantemento da instalación.
- Asesoramento enerxético.
- Realización de comprobacións.
- Substitucións.
- Servizo permanente de recepción de avisos.
- Revisión e mantemento dos planos e bases de datos existentes do alumeadado.
- Verificación das características fotométricas.
- Dispoñibilidade de medios materiais.
- Dispoñibilidade de medios humanos.

Todos os traballos que se indican nestas especificacións deberán ser realizados de forma que ocasionen as mínimas incomodidades ou dificultades á vida cidadá, reducindo a ocupación da vía pública e o nivel de ruído, axustando o horario dos traballos ás esixencias do tráfico rodado e peonil.

O contratista estará obrigado a sinalizar a vía pública de acordo coas ordenanzas e regulamentos en vigor, ou de acordo ás instrucións que reciba, sendo da súa exclusiva responsabilidade os danos e prexuízos que poidan derivarse por incumprimento desta obriga.

a) Control de acendido e apagado das instalacións de iluminación pública.

O contratista será responsable do arranque e apagado das instalacións, de acordo coas instrucións que reciba do Concello.

A manobra mediante célula fotoelétrica farase, en xeral, aos niveis de iluminación producidos pola luz diúrna que sexa igual ou lixeiramente superior ao que proporciona a iluminación artificial.

Admitirase unha tolerancia de quince minutos, efectuándose a limpeza e regulación da célula sempre que sexa necesario.

A manobra mediante interruptores horarios ou reloxo astronómico, farase de acordo coas instrucións que reciba do Concello.

O horario de acendido e apagado será fixado polo Concello, debendo o contratista axustarse a el, non podendo modificalo sen autorización expresa.

b) Inspeccións.

As inspeccións terán por finalidade detectar as avarías que se produzan, as anomalías que poidan ser causa de futuras avarías ou desgaste prematuro dos compoñentes da instalación e evitar que se poidan producir danos ás persoas ou cousas.

Igualmente comprenderase a inspección das obras municipais ou de particulares que poidan afectar á rede de alumeado público. En consecuencia, deberanse igualmente inspeccionar as saídas dende as instalacións de alumeado público que alimenten outras instalacións que contén con autorización municipal. Deberanse adoptar as medidas necesarias para que non se interrompa o servizo de iluminación pública nin se danen as instalacións.

Realizarase unha inspección trimestral de cada un dos centros de mando e os compoñentes da instalación que del dependen, dende a caixa de acometida ata todos os receptores.

A inspección incluirá como mínimo as seguintes actuacións:

1.- Inspección e posta a punto de centros de mando e reguladores de consumo, comprendendo:

- Posta a punto e calibrado de todos os seus compoñentes.
- Comprobación do funcionamento das proteccións diferenciais e magnetotérmicas.
- Comprobación do illamento e rixidez dieléctrica entre fases e terra segundo o recollido no Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión.
- Comprobación de que existe boa continuidade eléctrica en todos os circuitos.
- Limpeza interior e exterior de todos os paneis do centro de mando incluíndo retoque de pintura cando sexa necesario e roza de maleza arredor do centro de mando e a súa base.

2.- Inspección e posta a punto da instalación eléctrica, comprendendo:

- Comprobación de illamento e rixidez dieléctrica de todas as liñas e receptores que dependen de cada centro de mando, de acordo co establecido no Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión.
- Medida da resistencia da rede de posta a terra, comprobando que todos os soportes están correctamente conectados á devandita rede.
- Inspección dos compoñentes de cada punto de luz comprendendo limpeza, aperte de conexións, calibrado de fusibles, comprobación da continuidade eléctrica da posta a terra e eliminación, logo de

autorización da propiedade, dos elementos vexetais que afecten ás liñas e puntos de luz.

Esta inspección comprenderá a comprobación do estado dos soportes (columnas, báculos, brazos, etc.), tapas de arquetas, portas de soportes, peche de centros de mando, luminarias, farois e en xeral todos os elementos visibles da instalación.

3.- Inspección nocturna:

A inspección nocturna ten por finalidade detectar as lámpadas que están fóra de servizo, efectuar medidas eléctricas e luminotécnicas, controlar os acendidos e apagados e o funcionamento dos reguladores de consumo.

c) Mantemento da instalación.

Sobre a base da información obtida nos controis e inspeccións e dos avisos do Concello, policía, veciños, etc., realizaranse as seguintes operacións:

1.- Reposición de lámpadas

As lámpadas e accesorios que por calquera causa queden fóra de servizo serán repostas no prazo máximo de 24 horas a partir do momento en que se detecte o fallo, xa sexa mediante as inspeccións establecidas, aviso municipal ou cidadán. O cambio das lámpadas incluírá a limpeza interior e exterior da luminaria correspondente.

2.- Reparación de avarías

O contratista localizará e reparará todas as avarías que se produzan nas instalacións ao seu cargo, calquera que sexa a causa que as ocasione.

No caso de que a avaría poida provocar un perigo para as persoas ou para a propia instalación, o contratista deberá reparala de forma inmediata. Se isto non fose posible, tomará as medidas oportunas para eliminar os perigos que esta poida ocasionar.

As avarías serán reparadas simultaneamente coas inspeccións periódicas, agás nos casos de avisos de avaría que afecten a varios puntos de luz, que se repararán nun prazo máximo de 24 horas.

Se pola índole da avaría fose imposible reparala nos prazos anteriormente establecidos, o contratista informará por escrito ao Concello das características da avaría e do prazo previsto para a súa reparación.

Será responsabilidade do contratista tentar de manter o factor de potencia por enriba de 0,95 no total da instalación.

3.- Adecuación

O contratista deberá realizar os traballos para corrixir as anomalías observadas nas súas inspeccións e atender os avisos do Concello, policía, veciños, etc.

Estas anomalías deberán solucionarse de forma inmediata cando afecten á seguridade das persoas ou cousas; entre elas, os defectos de illamento, as columnas que, polo seu avanzado estado de corrosión ou mala fixación, mostren perigo de caerse, a fixación das luminarias, as portas abertas das bases de columnas ou centros de mando, os defectos na rede de posta a terra e as que incumpran o Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión e as instrucións técnicas complementarias que estean vixentes.

4.- Danos e roturas

No caso de derrubamento de columnas, farois, luminarias, centros de mando, etc. deberá realizarse con carácter de urxencia a retirada de materiais e o corte de tensión ou encintado dos cables en evitación de accidentes. A reposición completa do punto de luz deberá facerse nun prazo máximo de sete días a partir da comunicación.

5.- Obra civil

Será responsabilidade do contratista a revisión, adecuación, mantemento e reparación de avarías das bases de centros de mando e reguladores de consumo, canalizacións subterráneas, bases de columna, arquetas de rexistro e, en xeral, calquera obra civil específica da iluminación pública.

6.- Compoñentes mecánicos

Será responsabilidade do contratista a revisión, adecuación, mantemento e reparación de avarías de todos os compoñentes mecánicos da instalación, tales como caixas de acometida, armarios de centros de mando e reguladores de consumo, soportes luminarias, xa sexa columnas, báculos ou brazos sobre fachada, as propias luminarias e os condutos de protección de cables grampados á parede.

Dentro do mantemento, inclúese o parcheo e repasos da pintura de todos os compoñentes mecánicos, e tamén a numeración dos puntos de luz e centros de mando existentes e de nova incorporación.

Tamén será a cargo do contratista, manter limpos os compoñentes da instalación, agás cando se autorice polo Concello a colocación dalgún elemento publicitario, ornamental, etc.

7.- Pintura de elementos metálicos e limpeza de luminarias

Realizarase o pintado dos elementos metálicos da instalación, tales como columnas (incluíndo brazos e luminarias), báculos, brazos de fachada, centros de mando, etc.. As funcións de pintado global realizaranse cada dous anos; cada ano pintaranse o 50%, sempre e cando os elementos permitan o pintado in situ e sexan compatibles coas de serie.

Estes traballos tamén incluírán a limpeza das luminarias ou farois completos segundo corresponda, é dicir, incluíndo tanto a carcasa, o reflector, o difusor, lámpada, etc. en todas as instalacións do Concello, así como a poda de ramas de árbores que invadan as liñas ou luminarias.

Os elementos que se pintasen deberán sinalizarse durante o tempo necesario para impedir que se poida producir algún tipo de dano ó mancharse coa pintura, tanto ás persoas coma ós animais ou obxectos, sendo responsable de calquera tipo de dano que poida producirse o contratista.

Tomaranse as medidas de seguridade e limpeza a fin de evitar o pintado do pavimento, beirarrúas, pedestal, etc. No caso de ensuciarse ditas partes, deberán ser limpadas de xeito inmediato.

8.- Traballos excluídos do mantemento:

Serán traballos excluídos do mantemento aqueles traballos realizados como consecuencia de roubos de materiais e os producidos como consecuencia de fenómenos meteorolóxicos extremos. É dicir, si acada o nivel roxo sinalado no “Plan Nacional de Predicción y Vigilancia de Fenómenos Meteorolóxicos Adversos” elaborados pola Axencia Estatal de Meteoroloxía, para a zona de Fisterra.

9.- Verificacións e inspeccións

En todas as instalacións eléctricas obxecto deste contrato deberán realizarse as verificacións e inspeccións recollidas no Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión e a seu ITC-BT-05 e os seus correspondentes actualizacións.

Estas verificacións e inspeccións realizaranse a cargo do presente contrato, polo que non se poderán facturar de forma independente. O adxudicatario deberá realizalas cun Organismo de Control, segundo o establecido no Real Decreto 2.200/1995, do 28 de decembro, acreditado para este campo regulamentario, coas frecuencias establecidas polo Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión. Será da súa conta realizar tamén os trámites administrativos necesarios.

No caso de que o certificado emitido polo Organismo de Control dea como resultado unha cualificación da instalación de Condicionada ou Negativa, as obras que se teñan que realizar para adecuar as instalacións, para obter unha cualificación de Favorable, poderán ser realizadas polo contratista, ou ben cando así se decida polo Concello, contratarse con terceiros, segundo o procedemento legal establecido. En todo caso, haberán de orzamentarse as devanditas obras.

Cando as inspeccións non detecten defectos ou, unha vez que estes estean reparados, non se dispoña da documentación que no seu día serviu para a legalización e posta en servizo das instalacións, o adxudicatario elaborará a documentación técnica que se solicite sobre as instalacións, asinada por técnico competente e visada ou asinada por instalador autorizado, segundo sexa necesario.

d) Asesoramento enerxético.

O asesoramento enerxético ten como finalidade racionalizar o gasto que ocasiona o consumo de enerxía eléctrica nas instalacións de iluminación pública e nas instalacións eléctricas das dependencias municipais.

No prazo de seis meses, contados dende o inicio da prestación do servizo, entregarase ao Concello un informe detallado no que deberán indicarse as actuacións correctoras máis necesarias a realizar para unha mellora do servizo en xeral. Ditas melloras deberán acompañarse dun orzamento aproximado para a realización dos traballos. Dito informe deberá sinalar unha orde de prioridade das obras relacionadas en función, en primeiro lugar, da seguridade e, en segundo lugar, das posibilidades da mellora da eficiencia enerxética das instalacións. O Concello, pola súa parte, encamiñará os seus esforzos a dar prioridade a ditas actuacións para a mellora xeral do servizo.

Nos seguintes anos de vixencia do contrato efectuaranse novos informes nos que se recollerán os traballos acometidos e as melloras acadadas, relacionando novamente as necesidades básicas e as melloras acadadas anualmente na totalidade do servizo.

As obras que sexa necesario realizar, logo da consignación orzamentaria para o efecto, poderán adxudicarse directamente ao contratista ou adxudicalas a outra empresa, sen que isto último supoña eximir ao contratista de ningunha das súas obrigas, nin da responsabilidade derivada dos estudos realizados.

e) Realización de comprobacións.

Cando se incorpore ao mantemento unha instalación ou se reformen as existentes, realizarase unha comprobación que permita coñecer as características técnicas e funcionais da instalación.

f) Substitucións e eliminación de elementos en desuso

Ao longo do primeiro ano deberán identificarse tódolos elementos en desuso que nalgún momento formaron parte das instalacións municipais, que deberán quedar totalmente eliminados durante o segundo ano do contrato.

No caso de que sexa precisa a substitución dalgún dos compoñentes das instalacións, tales como soportes, liñas, centros de mando, luminarias, etc., que polo seu estado representen un perigo, deberá avisarse de inmediato ao Concello, quen correrá cos gastos derivados das substitucións.

g) Servizo permanente de recepción de avisos

O contratista establecerá un servizo permanente as 24 horas do día, mesmo domingos e festivos, que disporá do persoal, equipo e medios adecuados para atender os avisos, reclamacións e/ou instrucións e para conectar e desconectar instalacións, substituír e repoñer fusibles, realizar as operacións usuais e tomar as medidas necesarias para evitar perigos a persoas e cousas ou que poidan producir danos nas instalacións.

Así mesmo, disporá dun equipo de sinalización e balizamento de obras e dos propios vehículos, así como dos elementos de sinalización persoal axeitados e de acordo coa normativa vixente.

O contratista será responsable de establecer o programa da realización dos traballos que deban efectuarse como consecuencia das anomalías que se produzan durante as horas nocturnas co fin de evitar, por orde de prioridade, posibles perigos contra persoas e cousas, serios deterioros da instalación, dificultades ao tráfico, reparar avarías que afecten a puntos de luz, etc., e axustarse ás instrucións específicas que reciba do Concello, Policía Local, Bombeiros, Protección Civil, etc.

Así mesmo, será responsable de avisar aos técnicos da súa empresa, así como aos do Concello, Policía Local, etc., daquelas anomalía que se produzan, se así o aconsella a súa importancia, causas, etc.

III.- FORMA DE PRESTACIÓN DO SERVICIO.-

O contratista disporá do persoal necesario para satisfacer axeitadamente as esixencias do Prego, así como deberá dispoñer de persoal en posesión do carné de Instalador Electricista Autorizado pola Dirección Xeral de Industria.

O Concello terá dereito e poderá impoñer ao contratista que separe do Servizo a calquera empregado da contrata adscrito ao servizo, que dera motivo para iso.

Reitérase que o Concello queda totalmente exento de responsabilidade sobre as relacións entre o contratista e o seu persoal.

O persoal que preste os servizos deberá estar convenientemente uniformado, de maneira que sexa posible unha rápida e clara identificación.

O servizo prestarase coa seguinte periodicidade mínima:

- Un día á semana, fixado de común acordo entre o Concello e o contratista, efectuarase o mantemento e as reparacións ou substitucións necesarias que esixe o normal funcionamento do servizo. De non rematar a revisión no día, continuarase no día seguinte. Cando o día fixado coincida con festivo, a revisión efectuarase o primeiro día hábil seguinte.

A estes efectos, o día anterior ao fixado, o adxudicatario recollerá no concello os avisos ou incidencias acaecidas ao obxecto de efectuar as reparacións e substitucións dos elementos que teñan quedado inutilizados ou fora de servizo.

Así mesmo disporá dun teléfono operativo as 24 horas do día ao efecto de que calquera veciño/a poda comunicar as deficiencias do servizo.

- Ademais desta obriga periódica de prestación do servizo, que ten carácter de mínimo, o adxudicatario deberá atender os requirimentos que se lle fagan polo Concello mediante un servizo de asistencia permanente para as urxencias relacionadas co normal funcionamento das instalacións, cun tempo de resolución non maior a 12 horas, salvo circunstancias de forza maior, sendo comunicadas estas ao/os responsable/s do servizo do Concello. Considerarase unha situación de urxencia cando a avaría afecte a máis de 3 puntos de luz consecutivos ou a avaría comporte un perigo para a poboación (enténdase un sector apagado, un punto de luz colisionado en perigo de caer, cables ao descuberto, etc.).
- Trimestralmente, como mínimo, farase unha revisión, inspección e control de tódalas instalacións do alumeado, de acordo coas pautas ou normas previamente aprobadas polos servizos municipais.
- O contratista deberá anunciar ao Concello con 48 horas de antelación calquera servizo que supoña un corte da subministración nunha zona, indicando o lugar, data e hora na que pensa realizar os traballos relacionados, e a duración aproximada destes.

Os materiais a utilizar polo adxudicatario deberán garantir unha calidade mínima acreditable mediante marcados CE, marcado AENOR ou similar e cumprir coa normativa vixente que no seu caso lle sexa de aplicación.

IV.- RESPONSABILIDADE POR DANOS DO CONTRATISTA.-

O contratista será responsable da calidade técnica dos servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros derivadas da execución do contrato. En consecuencia será de conta do contratista a responsabilidade derivada de tódolos danos, prexuízos e accións de calquera natureza que sexan orixinados a terceiras persoas pola súa persoa, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados, ou por abandono, demora ou deficiente execución dos mesmos. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que teña expirado o prazo de garantía do mantemento das instalacións ou da prestación dos servizos obxecto do presente contrato.

A tal efecto o adxudicatario deberá subscribir ou incluír na que teña subscrita unha póliza de seguro de responsabilidade civil que se manteña en vigor durante todo o período de adxudicación (debendo

presentar copia dos recibos pagados en cada período de vixencia do contrato).

A póliza de responsabilidade civil deberá ter como mínimo os seguintes límites de indemnización: responsabilidade civil xeral.- 150.000 €.

No suposto de causar algún dano nas instalacións municipais, o contratista deberá reparalos á súa conta, substituíndo todo o conxunto danado cando sexa necesario.

Será responsabilidade do contratista a realización ou encargo a terceiros das revisións e inspeccións periódicas oficiais que nas diferentes instalacións esixe a normativa vixente, aquelas de maquinaria e equipos esixidas polos fabricantes ou instaladores para seu correcto funcionamento. Executará a tramitación administrativa que requiran.

V.- PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO.-

As infraccións que cometa o contratista no marco da execución do presente contrato clasificaranse en: moi graves, graves e leves.

Terán consideración de infraccións moi graves:

- 1.- Demora no comezo da prestación dos servizos, superior a 7 días, sobre a data prevista, salvo causa de forza maior.
- 2.- Paralizacións e interrupcións da prestación dos servizos por máis de 72 h., a non ser que conorra a mesma causa do punto anterior.
- 3.- A prestación manifestamente defectuosa ou irregular dos servizos, con incumprimento das condicións establecidas.
- 4.- Atraso sistemático comprobado nos horarios, fraudes na forma de prestación, non utilizando dos medios mecánicos esixidos ou mal estado de conservación ou de decoro nestes.
- 5.- Cesión, subarrendamento total ou parcial dos servizos, sen autorización expresa do Concello.
- 6.- Desobediencia reiterada por máis de dúas veces dos avisos ou incidencias recollidas no Concello.
- 7.- A cesación na prestación do servizo polo contratista ou empresa adxudicataria sen a concorrencia das circunstancias legais que o fagan lexítimo.
- 8.- Incumprimento da lexislación actual de Prevención de Riscos Laborais.

Terán a consideración de infraccións graves:

- 1.- Incumprimento de acordos ou decisións municipais sobre variacións de detalle dos servizos que non impliquen gastos para o contratista.
- 2.- Irregularidades inadmisibles na prestación dos servizos conforme ás condicións fixadas no presente prego.
- 3.- O incumprimento das condicións laborais e de seguridade social co persoal adscrito aos servizos. É de obrigado cumprimento para a empresa adxudicataria a presentación trimestral no Concello de toda a documentación xustificativa relativa ós traballadores adscritos ós traballos obxecto do presente contrato; Contratos, altas na Seguridade Social e xustificante de abono das nóminas.
- 4.- A reiteración nas faltas leves.

Consideraranse infraccións leves, todas as demais non previstas anteriormente e que conculquen dalgún modo as condicións establecidas neste prego en prexuízo leve dos servizos.

As sancións que poderá impoñer o órgano de contratación ao contratista serán as seguintes:

- As infraccións cualificadas como moi graves, levarán aparellada unha multa de 600,00 €.

- A comisión de dúas infraccións moi graves poderá ser sancionada coa rescisión do contrato ou indemnización de danos e prexuízos.
- As infraccións graves levarán aparellada unha multa de 120,00 €.
- A comisión de cinco infraccións graves poderá ser sancionada coa rescisión do contrato ou indemnización de danos e prexuízos.
- As infraccións leves levarán aparellada unha multa de ata 120,00 €

A imposición das sancións requirirá a instrución do oportuno expediente que se iniciará en canto o órgano de contratación, por calquera medio, teña coñecemento da falta. O órgano municipal competente procederá á práctica de cantas dilixencias considere necesarias para a aclaración dos feitos, oíndo ao contratista e formulando o correspondente prego de cargos do que se lle dará traslado polo termo de oito días.

O importe das sancións será descontado ao contratista do pagamento que lle corresponda percibir pola prestación do servizo.

VI.- PREVENCIÓN E SEGURIDADE DAS OBRAS.-

O contratista deberá observar as prescricións contidas na Lei 31/1995, de 8 de novembro, así como os regulamentos que o desenvolven e as súas modificacións posteriores, sobre Prevención de Riscos Laborais e en relación á Seguridade e Hixiene no Traballo, protección, formación, etc e/ou da normativa que as substitúa.

O adxudicatario deberá presentar antes da formalización da Acta de inicio dos traballos, o Estudo de Seguridade e Saúde adaptado ás circunstancias concretas dos medios materiais, medios auxiliares e vehículos que contemplase na súa oferta.

O devandito estudo deberá considerar todas as medidas de seguridade a adoptar na totalidade das operacións enumeradas nos apartados deste prego e daquelas outras que, non estando comprendidas nas anteriores, sexa previsible levar a cabo en función dos contidos concretos da oferta presentada polo adxudicatario.

Para a dirección e control deste tipo de medidas, o adxudicatario designará un Responsable de Seguridade que será o encargado de garantir a aplicación das medidas establecidas no Estudo.

Se o contratista optase por subcontratar algunha das tarefas ou operacións previstas no prego, deberá nomear un Coordinador de Seguridade.

En calquera dos casos sinalados anteriormente, os Estudos de Seguridade deberán contemplar todas as medidas a adoptar, tanto en relación cos traballadores como cos viandantes e usuarios na vía pública.

VII.- XESTIÓN AMBIENTAL.-

O contratista, en relación coas labores que esixen as prestacións deste prego, deberá ter unha conduta responsable co medio.

A retirada dos materiais procedente das obras realizarase por medio de colectores ou bolsas dispostas a tal fin. En ningún caso deberán quedar depositadas na vía pública verteduras ou terras procedentes da escavación. Se procederá á retirada do colector ou da bolsa unha vez finalizada a reparación.

Estes materiais retiraranse ao vertedoiro legalmente autorizado.

O contratista deberá retirar os elementos de refugallo que supoñan, polas súas características, unha afección ambiental, e darlle o tratamento de valorización oportuno.

VIII.- INVENTARIO DAS INSTALACIÓNS.-

O contratista realizará e manterá permanentemente actualizado un inventario das instalacións por centros

ou cadros de mando.

Este inventario constará da seguinte documentación:

a) Ficha técnica por centro de mando onde se indicarán os seguintes datos:

- Datos identificativos: denominación, dirección, n.º de contrato coa compañía eléctrica, n.º dos equipos de medida, n.º de expediente de Industria, n.º de visado, etc.
- Datos eléctricos: tensión, n.º de fases, potencia máxima admisible, potencia instalada, potencia contratada, tarifa e resistencia de posta a terra, etc.
- Inventario de todos os compoñentes: proteccións, contactores, selectores, fusibles, lámpadas, luminarias, soportes, columnas, báculos, reguladores de tensión, etc.; indicando o fabricante, tipo e características fundamentais.

b) Planos de distribución xeográfica por centro de mando onde se reflectirán as rúas e a situación do centro de mando, dos receptores de iluminación e da canalización. Estes planos presentaranse en formato A3, en escala a determinar segundo a súa extensión.

c) Relación de todos os puntos de luz do municipio e demais elementos, clasificados por centros de mando, indicando potencia, tipo de lámpada, tipo de punto de luz e cantas características diferenciais sexan necesaria.

Unha copia deste inventario, deberá ser entregada ao Concello nun prazo máximo dun ano, contado a partir da data de adxudicación. Para manter permanentemente actualizado o inventario, efectuaranse cantas modificacións sexan necesarias por altas e baixas de puntos de luz, cambio de características dos existentes, etc.

Para a confección inicial deste, o Concello achegará toda a documentación que posúe correspondente ao inventario actual.

Nº Expediente

ANEXO I.1
MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE
SOBRE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PREVIOS

DON/DONA.....con domicilio en
..... CP....., provisto de D.N.I. nº en
nome propio ou en nome e representación
de.....

SINALA como datos do/a licitador/a os seguintes:

Nome e apelidos ou denominación
social.....NIF.....
teléfono.....fax.....correo
electrónico.....

Enderezo para notificacións.....

MANIFESTA a súa vontade de participar na licitación do contrato
de.....

.....

SOLICITA que se considere achegada en tempo e forma a documentación que presenta nos sobres A e B e se admita a súa participación como licitador, e

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1. Que ten plena capacidade de obrar e que conta coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, é esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do contrato.

2. Que tratándose dunha persoa xurídica, as prestacións que constitúen o obxecto do contrato quedan comprendidas nos fins, obxecto ou ámbito de actividade que lles son propios, ao abeiro dos seus estatutos ou regras fundacionais.

3. Que a empresa non se atopa comprendida en ningunha das causas de prohibición para contratar enumeradas no artigo 60 do TRLCSP.

4. Que o que asina esta declaración, en caso de actuar en nome e representación de outro/a, posúe a representación deste/a.

5. Que reúne as condicións de solvencia económica e financeira e técnica e profesional esixidas no prego.

6. Que a empresa :

- Está dada de alta e ao corrente no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, ou se atopa nalgún dos supostos de exención regulados no artigo 82 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais

- Se atopa ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e das obrigas coa Seguridade Social.

- Que non ten débedas en período executivo de pago co Concello de Fisterra, ou que si as ten, atópanse garantidas.

7. Que a empresa, no seu caso, figura inscrita nalgúns dos seguintes rexistros (indicando o nº de rexistro):

- Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado, co nº:.....
 - Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co nº:.....
 - Rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña, co nº.....
 - Outros:.....
-

8. Que nos termos dos artigos 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do RXLCAP (marcar cun X o que proceda):

Non se atopa incurso nos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio, por non pertencer a un grupo de empresas nin estar integrada por ningún socio no que concorran algún dos supostos alternativos establecidos no devandito artigo.

Atoparse incurso no suposto.....

(indicar este previsto no artigo 42.1 do Código de Comercio, ao pertencer ao grupo de empresas.....(ou estar integrada por algún socio no que concorran algún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42.1 do Código de Comercio)

Comercio) respecto do que forman parte as seguintes sociedades (ou nas que concorre algún dos supostos alternativos establecidos no devandito artigo en relación a algún dos seus socios):

- 1.....
- 2.....
- 3.....
- 4.....
- 5.....
- 6.....

9. Que, de tratarse dunha empresa estranxeira (comunitarias ou non comunitarias), sométese á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante (art.146.1.d do TRLCSP).

Lugar, data e sinatura do propoñente.

Nº Expediente

ANEXO I.2
DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSA A EMPRESA NAS PROHIBICIÓNS PARA
CONTRATAR

D/Dª _____ con DNI nº _____, en nome propio ou en representación da empresa _____, en calidade de _____, ao obxecto de participar na licitación do contrato denominado _____ convocado por _____, de acordo co establecido no artigo 146.1.c) do TRLCSP, declara baixo a súa responsabilidade:

Que a citada empresa non está incurso nas prohibicións para contratar, conforme aos artigos 60 e 61 do TRLCSP e se haxa ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Comunidade Autónoma de Galicia e das obrigas coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

En a de de 200....

(SELO DA EMPRESA E FIRMA AUTORIZADA)

ASINADO:

ANEXO I.3
DECLARACION SOBRE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGAIS EN MATERIA LABORAL E
MEDIOAMBIENTAIS

D/Dª _____ con DNI nº _____ en nome propio ou en representación da empresa _____, en calidade de _____ ao obxecto de participar na licitación do contrato denominado _____ convocado por _____ declara baixo a súa responsabilidade:

Que na oferta presentada pola citada empresa tivéronse en conta as obrigas derivadas das disposicións vixentes en materia de protección do emprego, condicións de traballo e prevención de riscos laborais, e protección do medio ambiente.

En a de..... de 200....

(SELO DA EMPRESA E FIRMA AUTORIZADA)

ASINADO:

ANEXO II
SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E TÉCNICA

1.- A solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, se acreditará mediante a achega dun ou varios dos documentos a que se refiren os criterios de selección marcados, a elección dos licitadores. No caso de que se esixa clasificación no **apartado M** do Cadro - Resumo, só deberán aportar os documentos deste apartado 1, os licitadores non españois de estados membros da Unión Europea ou asinantes do Acordo sobre Espazo Económico Europeo, que declaren non estar clasificados como contratistas de servizos pola administración española.

SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA (artigo 75 TRLCSP)

- a) Xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais vixente ao fin do prazo de presentación de ofertas.
- b) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocios.

SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL (artigo 78 TRLCSP)

- a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade pública; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, na súa falta, mediante unha declaración do empresario.
- b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.
- c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e os medios de estudo e investigación da empresa.
- d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo Órgano de contratación ou, en nome de este, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado en que estea establecido o empresario, sempre que medie acordo de dito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, si fose necesario, sobre os medios de estudo e de investigación de que dispoña e sobre as medidas de control da calidade.

- e) Titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.
- f) Medidas de xestión medioambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.
- g) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente
- h) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se dispoñerá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se axuntará a documentación acreditativa pertinente.
- i) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

2.-No suposto de que non se esixa estar en posesión de clasificación, o empresario **podará** acreditar a súa solvencia aportando o certificado que lle acredite a seguinte clasificación (art. 74.2 TRLCSP):

GRUPO	SUBGRUPO	TIPO DE SERVICIO	CATEGORÍA
-------	----------	------------------	-----------

3.- **Acreditación do cumprimento de normas de xestión medioambiental e de calidade**, o licitador deberá aportar os certificados **seguintes** (art. 80 e 81 TRLCSP):

En a de..... de 200....

ASINADO:

**ANEXO III
COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS**

Tódolos licitadores, nacionais e estranxeiros, ademais de acreditar a súa solvencia ou, no seu caso clasificación, deberán acreditar o compromiso de adscripción dos seguintes medios, como criterio de solvencia, a efectos da admisión no procedemento de adxudicación do contrato:

Compromiso de adscripción de medios persoais:

.
. .
.

Compromiso de adscripción de medios materiais:

.
. .
.

Estes medios persoais e materiais formarán parte da proposta presentada polos licitadores e, polo tanto, do contrato que se firme co adxudicatario. Por este motivo, deberán ser mantidos pola empresa adxudicataria durante todo o tempo de realización deste servizo. Calquera variación respecto a eles deberá ser comunicada a esta Administración. O seu incumprimento poderá ser causa de:

Resolución do contrato (artigo 223 f) TRLCSP)

Imposición das penalidades segundo ANEXO IX (artigo 212.1 TRLCSP)

En a de..... de 200....

ASINADO:

ANEXO V

DATOS DO LICITADOR A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Dº/Dª _____ con DNI nº _____ , en nome¹
_____ con CIF nº _____ en calidade de _____, ao
obxecto de participar na licitación do contrato denominado _____ expón os
seguintes datos da empresa a efectos de notificacións:

- Nome e apelidos persoa de contacto:
- Teléfono Licitador:
- Fax do Licitador:
- Enderezo postal sinalado polo licitador para os efectos da práctica de notificacións:

En a de..... de 200....

ASINADO:

¹ Indicar si a oferta se realiza en nome propio ou da empresa que representa.

ANEXO VI
MODELO DE OFERTA ECONOMICA (Xeral)

Dº/Dª _____ con DNI nº _____ , con domicilio en _____, en nome² _____ con CIF nº _____ e con domicilio fiscal en _____ .

Invitado a participar no procedemento negociado sen publicidade iniciado e informado das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación do contrato de _____, se compromete,

A tomar ao seu cargo a execución do mesmo, con estrita suxeición aos expresados requisitos e condicións, pola cantidade de³ _____ .

O licitador fai constar que a oferta presentada desglosase do modo que segue:

Importe Base:

Importe IVA:

Importe Total:

En a de..... de 200....

ASINADO:

² Indicar si a oferta se realiza en nome propio ou da empresa que representa.

³ Expresar claramente, escrita en letra e número, a cantidade de euros pola que se compromete o proponente á execución do contrato.

ANEXO VII

ASPECTOS ECONÓMICOS E TÉCNICOS OBXECTO DE NEGOCIACIÓN E ADXUDICACIÓN

Os criterios que servirán de base para a negociación e adxudicación do concurso que serán valorados mediante fórmula, serán os seguintes:

1) Oferta Económica: 60 puntos.

Atribuirase a maior puntuación ao licitador cuxa oferta supoña a maior diminución sobre o orzamento de licitación, asignándose ás restantes a puntuación que proceda en aplicación da seguinte fórmula:

$P = 60 \times (\text{Min}/\text{Of})$, onde:

P: puntuación da oferta a considerar.

Min: oferta máis baixa.

Of: oferta correspondente a cada licitador.

2) Emprazamento das instalacións da empresa: 5 puntos.

Declaración da empresa licitadora de ter unhas instalacións permanentes e suficientes para a realización do servizo de xeito continuado. As distancias serán sinaladas nas propostas das empresas licitadoras mediante distancia quilométrica ata a entrada no concello de Fisterra a través dunha das vías de comunicación existentes. O reparto da puntuación realizarase do seguinte xeito:

De 0 a 10 Km: 5 puntos.

>10 a 15 Km: 4 puntos.

>15 a 20 Km: 3 puntos.

>20 a 30 Km: 2 puntos.

>30 a 40 Km: 1 punto.

3) Contratación para obras: 1 punto.

Compromiso para a contratación dunha persoa desempregada do concello de Fisterra, para obras de instalación ao marxe do servizo, 1 pto. Resto 0 puntos.

Os criterios que servirán de base para a negociación e adxudicación do concurso, dependentes dun xuízo de valor, serán os seguintes:

- 1) Programa de xestión enerxética e do mantemento do servizo: ata un máximo de 20 pto que serán asignados mediante a toma en consideración dos seguintes criterios:
 - Proposta do plan de actuación e mantemento, como mínimo cumprindo o sinalado no PPT, memoria descritiva do plan de actuación.
 - Proposta de táboas e gráficas para control mensual facturación.

- Proposta de táboas e gráficas para control de niveles de iluminación e eficiencia enerxética.
 - Proposta inventario e planos a elaborar.
 - Proposta de informes de estado actual das instalacións.
 - Proposta de táboas e fichas de inventarios, con datos relevantes e control de mantemento mensual.
- 2) Melloras ao marxe do sinalado no PPT: ata 7 ptos.
- As melloras ao servizo presentadas pola empresa licitadora, serán obxecto de puntuación, sempre e cando sexan melloras mensurables ao marxe das condicións recollidas no prego de prescricións técnicas.
- 3) Colaboración, nos últimos catro anos, no deseño e implementación de plans de aforro e eficiencia enerxética realizados con empresas cuxa finalidade fose o aforro e a eficiencia enerxética e a loita contra o cambio climático: ata 7 puntos.

CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA RESOLVER OS EMPATES DA PUNTUACIÓN FINAL:

De acordo co establecido na Disposición Adicional Cuarta do TRLCSP, cando unha ou varias proposicións igualem, nos seus termos, á máis vantaxosa dende o punto de vista dos criterios que serven de base para a adxudicación, terán preferencia na adxudicación do contrato as proposicións presentadas por aquelas empresas que acrediten ter na súa plantilla un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%.

Se aínda así persistira o empate, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade na súa plantilla.

Os licitadores que pretendan contar para a adxudicación coa preferencia regulada nos parágrafos anteriores, deberán aportar, ao tempo de presentar a súa proposición, a seguinte documentación:

1. Documento TC2 (relación nominal de traballadores) correspondente a todo o persoal da empresa.
2. Relación de traballadores fixos con discapacidade, acompañada da resolución ou certificación acreditativa do grao e vixencia da discapacidade.
3. Contrato de traballo dos traballadores fixos discapacitados.

En a de..... de 200....

ASINADO:

ANEXO VIII

CONDICIÓN ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

A execución do contrato suxeitarase ás seguintes condicións:

-
-
-
-

O incumprimento destas condicións ten consideración de:

- Causa de resolución do contrato de acordo cos artigos 118.2 e 223 f) TRLCSP
- Infracción grave de acordo cos artigos 118 e 60.2 e) del TRLCSP

En a de..... de 200....

ASINADO:

ANEXO IX PENALIDADES

RÉXIME POTESTATIVO DE PENALIDADES

Estarase ao réxime de penalidades previsto na Cláusula V do Prego de Prescricións Técnicas.

En a de..... de 200....

ASINADO:

∴

**ANEXO X
OBRIGAS ESENCIAIS DO CONTRATO**

Considéranse obrigas esenciais do contrato:

- Compromiso de adscrición de medios (artigo 64.2 TRLCSP)
Obriga esencial:

- Condiciones especiais de execución do contrato (artigo 118.1 TRLCSP)
Obriga esencial:

- (Outras)

En a de..... de 200....

ASINADO:

ANEXO XI NOTIFICACIÓNS ELECTRÓNICAS

Dº/Dª _____ con DNI nº _____ con domicilio en _____ en nome de⁴ _____ con CIF nº _____ e con domicilio fiscal en _____ informado do anuncio publicado no Boletín/Diario _____ do día e das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación do contrato de _____

- NON CONSIÑTE a utilización de medios electrónicos por parte da Administración para a realización das notificacións administrativas neste procedemento de contratación.
- CONSIÑTE a utilización de medios electrónicos por parte da Administración para a realización das notificacións administrativas neste procedemento de contratación, de acordo cos datos que se indican a continuación:

PERSOAS AUTORIZADAS A RECIBIR AS NOTIFICACIÓNS (máximo dous)⁵:

Nome e apelidos	NIF	Correo electrónico onde recibir os avisos das notificacións telemáticas

En a de de 200....

ASINADO:

⁴ Indicar si a oferta se realice en nome propio ou da empresa que representa.

⁵ Estas persoas poderán ser substituídas en calquera momento remitindo unha comunicación subscrita polo licitador neste sentido ao Órgano de contratación, cumprimentando ao efecto os novos datos.

**ANEXO XII
MODIFICACIÓNS CONTRACTUAIS PREVISTAS**

CIRCUNSTANCIAS (suposto de feito obxectivo que debe de darse para que se produza a modificación):

ALCANCE DAS MODIFICACIÓNS PREVISTAS (elementos do contrato aos que afectará):

CONDICIÓNS DA MODIFICACIÓN (regras de tramitación que se seguirán para determinar os novos prezos, procedemento de fixación de novo prazo...):

PORCENTAXE DO PREZO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO AO QUE COMO MÁXIMO POIDAN AFECTAR:

Nº Expediente

ANEXO XIII

CAUSAS ESPECÍFICAS DE RESOLUCIÓN CONTRACTUAL

Nº Expediente

ANEXO XV

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES

DON/ DONA.....con DNI nº:....., en nome propio ou en representación da empresa....., con CIF:....., inscrita no Rexistro de Licitadores de.....co nº..... sendo PROPOSTA COMO ADJUDICATARIA do contrato de.....

DECLARA:

- A) Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores non teñen sufrido alteración en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden co certificado do Rexistro.
- B) Que dos datos desta empresa anotados no Rexistro de Licitadores teñen sufrido variación os que a continuación se indican, segundo se acredita mediante os documentos que se achegan, manténdose os demais datos sen ningunha alteración respecto do contido do Certificado do Rexistro.

Datos que teñen sufrido variación:

Documentación xustificativa que se achega:

Lugar, data e sinatura do proponente.

- 2) Expoñelos ao público por espazo de dez días hábiles a efectos de posibles reclamacións que no caso de presentarse serán resoltas polo órgano competente.-**

4º.- Asuntos varios.-

SERVIZOS SOCIAIS

--- Visto o informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder a **M. J. P. F.**, veciña de Fisterra, **unha axuda polo importe de Cento trinta euros (130,00 €) para gastos de** subministro de electricidade da vivenda de residencia que ten en rexime de aluguerao por tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

O pago efectuarase directamente ao titular do subministro, J. F. T. M.-

--- Visto o informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder a **M. M. F. S.**, veciña de Fisterra, **unha axuda polo importe de Cento cincuenta euros (150,00 €) para gastos de aluguer da vivenda** , por tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

O pago efectuarase directamente ao titular da vivenda M. M. N. M. .-

CERTIFICACIÓN DE OBRA

Unha vez examinada e encontrándoa conforme por axustarse a realidade, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda a **prestar a súa aprobación á Certificación Única da Obra denominada " REFORMA SANEAMENTO RUA ALCALDE FERNANDEZ - FISTERRA "** incluída no Plan municipal 2015 por un importe de Dezaoto mil douscentos sesenta e catro euros con cincuenta e cinco céntimos **(18.264,55 €) debidamente asinada polo Contratista adxudicatario Construcciones y Obras Andújar S.L., e o Director da Obra. Manuel Carro López.---**

AXUDAS ECONOMICAS

A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ós **Directores dos Colexios Públicos " Mar de Fora "de Fisterra e "Areouta " de Sardiñeiro** unha axuda económica polo importe de **Seiscentos euros (600,00 €)** para sufragar parte dos gastos que se ocasionen co motivo da organización conxunta dunha **excursion fin de curso dos Alumnos de 5º e 6º para o ano 2016**

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 20:00 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario , dou fe.